

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria do 18 de novembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza  
D. Eudósio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezaioito de novembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.875).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

Ratifícase a urxencia por todos os asistentes.

**2(1.876).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, PROCEDIMENTO ABERTO, PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XOGOS NOS PARQUES INFANTÍIS DA CIDADE. EXPTE. 5523/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Montes, Parques e Xardíns do 16-11-2010, conformado pola concelleira delegada de área, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral municipal do 16 e 17 de novembro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente

2º.- Aproba-lo gasto de 213.200,00 euros para a contratación do subministro de elementos de xogo para a adecuación de parques infantís nos distritos norte do termo municipal de Vigo que se imputará a partida 1710.619.00.05 do orzamento do ano 2010.

3º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para o subministro de elementos de xogo para a adecuación de parques infantís nos distritos sur do termo municipal de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 15-10-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento aberto con múltiples criterios de data 19-10-2010 e tramitación ordinaria.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario Oficial de Galicia.

**3(1.877).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, PARA A SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA REMOLCADA PARA LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE. 2814/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza do 09-11-2010, conformado pola concelleira-delegada de área, vistos os informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral municipal de datas 8 e 12 de novembro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 67.800 euros para a contratación do subministro dunha máquina remolcada para a limpeza de praias que se imputarán á partida 1620.624.0000 do orzamento do ano 2010.

2º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado con publicidade sen límite do número de licitadores da subministración dunha máquina remolcada para limpeza de praias que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 14-10-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado con publicidade de data 02-11-2010.

**4(1.878).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA OBRA DE SECTORIZACIÓN DO PARQUE AUXILIAR DO SERVIZO DE BOMBEIROS EN BALAIÓDOS. EXPTE. 1759/213.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do oficial subxefe do servizo de Bombeiros, conformado polo concelleiro-delegado da área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, vistos os informes da Asesoría Xurídica e o de fiscalización da Intervención Xeral municipal do 21 de outubro e 12 de novembro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 149.996,84 €, para a execución das obras do proxecto básico e de execución de divisións interiores no parque auxiliar de Bombeiros de Balaídos en Vigo, que se imputarán á partida 1350.6320000 do presuposto do ano 2010.

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade de data 23-08-2010.

3º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**5(1.879).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN EQUIPO DE ESPECTROFOTOMETRÍA PARA O LABORATORIO MUNICIPAL. EXPTE. 2758/313.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da directora do Laboratorio Municipal, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, vistos os informes da Asesoría Xurídica e o de fiscalización da Intervención Xeral municipal de datas 14 de outubro e 11 de novembro de 2010, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 59.910,73 €uros para o subministro dun espectrofotómetro de absorción atómica para o servizo do Laboratorio Municipal, con cargo á partida presupostaria 3130 6290000 do ano 2010.

•

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro dun equipo de espectrofotometría de absorción atómica, visado pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, xunto coa Folla de Especificación do Contrato e o prego de prescricións técnicas para a prestación do subministro.

3º.- Convocar a licitación polo procedemento negociado con publicidade.

**6(1.880).- DAR CONTA DE ESCRITO DE ACLARACIÓN PRESENTADO POLA EMPRESA TECNOBÚS SOBRE O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN AUTOBÚS ELÉCTRICO PARA O CASCO VELLO. EXP.TES. 5952/307-5884/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o escrito de data 16-11-2010, da xefa do servizo de Patrimonio Histórico e do director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

*“Con data 15 de novembro de 2010, preséntase no rexistro xeral do Concello de Vigo unha solicitude de aclaración por parte da empresa Tecnobus, en relación co procedemento aberto para a adquisición e implantación dun autobús eléctrico para o servizo de transporte público no casco histórico de Vigo (exp. 5884-307).*

*Dito escrito fai referencia a que no prego de cláusulas técnicas non figura que categoría e clase debe ter o vehículo subministrado, aínda que sinala “unha capacidade mínima de 22 persoas sen incluír o condutor, coa posibilidade de aloxar a lo menos unha cadeira de discapacitados”. Así, sinala a empresa que, como o número máximo de prazas totais nos vehículos da clase A é de 22, mentres os vehículos de clase I teñen un número de prazas superior a 22, e no procedemento se vai valorar o aumento da capacidade do vehículo (apartado 16 das FEC, do prego de cláusulas administrativas do contrato), considera que este Concello “está interesado en autobuses de Categoría superior e polo tanto exclusivamente e necesariamente pertencentes á Clase I”.*

*En contestación a esta solicitude de aclaración, hai que sinalar que esta contratación, de natureza administrativa, se rexe polo prego de cláusulas administrativas particulares e polo prego de prescripcóns técnicas particulares, e que neste se sinala que a capacidade mínima do vehículo debe ser de 22 persoas, característica que poden cumprir tanto a clase I como a clase A, con independencia de que un dos aspectos definidos nos criterios de valoración sinalados no apartado 16 das FEC, especifique que se valorará as características do material móbil a ofertar, entre as cales, sinálanse 5 ámbitos de valoración, un deles referido o conxunto de: a comodidade ao viaxeiro, a accesibilidade do vehículo, a capacidade de pasaxeiros, e a súa adaptabilidade. Estas especificacións dos ámbitos a valorar, non obrigan o licitador a un cumprimento diferente das especificacións básicas do obxecto do contrato, senón que detallan un conxunto de aspectos que deberá describir o licitador en función a proposta do material móbil que considere ofertar, e polas cal será valorado, dentro dos criterios non valorables mediante fórmula.*

*Polo exposto, considérase que non é necesario aclarar a clase a que debe pertencer o vehículo obxecto do contrato, por considerarse que a mesma deberá de corresponder coas propias características do vehículo a ofertar polos licitadores, tendo en conta que a condición obrigatoria e unha capacidade mínima de 22 prazas, e o resto dos 6 criterios de*

*valoración definidos no apartado 16.1.1 das FEC, orientan o licitador sobre os aspectos que deberá describir para a definición das características do vehículo a ofertar.”*

Á vista da proposta de data 16-11-2010 da xefa de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento do precedente asunto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.